



(Sinatura do Presidente)

Foto N.º 1

Serie A N.º 2790318

**Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 2 de agosto de 2018**

No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o dous de agosto do ano dous mil dezaoto, ás nove horas, refírese a Xunta de Goberno da Deputación baixo a presidencia de don Rosendo Luis Fernández Fernández (vicepresidente 1º), en substitución do titular don José Manuel Baltar Blanco, presidente da mencionada Deputación -que como tal é da Xunta-, cos deputados/as, don Plácido Álvarez Dobaño, dona Montserrat Lama Nóvoa, don Manuel Doval Soto, don Pablo Pérez Pérez, dona Ana María Villarino Pardo e don Juan Anta Rodríguez, os que constitúen a maioría absoluta da devandita xunta, co fin de que teña lugar sesión ordinaria en primeira convocatoria e tratar nela os asuntos que figuraban na orde do día.

Asiste o interventor accidental, don José Mosquera Casero, xefe do Servizo de Intervención, e dá fe do acto, o vicesecretario xeral, don Juan Marquina Fuentes.

Non asiste á sesión o deputado provincial e vicepresidente 2º don Jorge Pumar Tesouro, que escusa a súa ausencia.

Unha vez aberta a sesión pola Presidencia á mencionada hora, e despois do correspondente estudo e deliberación, adoptáronse os seguintes acordos:

**1- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, ORDINARIA, DO DÍA 23 DE XULLO DE 2018.-**

Unha vez examinada a acta da sesión ordinaria que tivo lugar o día vinte e tres de xullo de dous mil dezaoto, a Xunta de Goberno da Deputación acordou, por unanimidade, a súa aprobación, sen observacións.

**2- MODIFICACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS E DA REDE VIARIA PROVINCIAL DO EXERCICIO 2018, RELATIVA Á OBRA MUNICIPAL N.º 85/POS/2018, NO TERMO MUNICIPAL DA VEIGA.-**

Á vista da solicitude formulada polo Concello da Veiga, tendo en conta o informe favorable da técnica do Servizo de Investimentos, Subvencións e Patrimonio, e de conformidade coa proposta favorable, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

*Modifícase-lo Plan (principal) provincial de cooperación ás obras e servizos municipais e da rede viaria provincial do exercicio 2018 no relativo ó Concello da Veiga, incorporando ó plan principal -en substitución da obra denominada "Acondicionamento R/A Puteltra da Veiga"- a obra denominada "Pavimentación en Candeda e Riomau", co número 85/POS/2018, cun orzamento total de execución de 67.286,27 €, sendo a achega municipal de 19.286,27 €.*

APPEL NUMERADO  
CORPORACIONES  
LOCALES



Serie A N.º 2790318

**Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 2 de agosto de 2018**

**3.- FIXACIÓN DOS PREZOS PÚBLICOS POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS E A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES NO PAZO DOS DEPORTES PACO PAZ DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE.**

A Corporación Provincial, na sesión plenaria de data 25.05.2018, aprobou inicialmente a modificación da Ordenanza reguladora dos prezos públicos pola prestación de servizos e a realización de actividades no Pazo dos Deportes Paco Paz.

Unha vez sometida ao trámite de información pública, mediante anuncio inscrito no BOP núm. 124 de data 01.06.2018, durante o prazo de 30 días hábiles, non se formulou ningunha alegación ou reclamación, quedando aprobada definitivamente e publicándose o texto integro da ordenanza para os efectos da súa entrada en vigor no BOP núm. 171 de data 27.07.2018.

O artigo 9º da citada ordenanza fiscal dispón que "...consonte co sinalado no artigo 47 do Real decreto legislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, délegase na Xunta de Goberno provincial a fixación e/ou modificación das tarifas resultantes da liquidación dos prezos públicos pola aplicación da presente ordenanza. A Xunta de Goberno poderá establecer tarifas diferenciadas para usuarios que pertencen a colectivos precisados de especial protección ou que sexan obxecto de políticas de fomento da práctica deportiva, así como establecer tarifas bonificadas nos supostos de unidades familiares ou mediante o sistema de bonas para a utilización das instalacións e servizos durante períodos de tempo predeterminados. En todo caso, as ditas tarifas deberán cubrir como mínimo o custo dos servizos prestados ou da actividade realizada, conforme establece o artigo 44.1 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais. Para tal efecto, a proposta de fixación de tarifas deberá acompañarse dun informe económico que xustifique este extremo. Non obstante o anterior, e de conformidade co establecido no artigo 44.2 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, a Xunta de Goberno poderá establecer tarifas por debaixo do custo dos servizos ou actividades, cando aprecie de xeito motivado a existencia de razóns sociais, benéficas ou de interese público que o aconsellen...".

Consonte coa anterior delegación, e de conformidade coa proposta formulada, a Xunta de Goberno adopta o seguinte acordo:

A liquidación dos prezos públicos pola aplicación desta ordenanza farase de conformidade coas seguintes tarifas, e serán de aplicación desde a data 01.09.2018 e manteranse en vigor mentres non sexan modificados ou derogados expresamente:

**Pavillón auxiliar**

1.- Actividades deportivas deporte competición (por hora ou fracción)

APL. NUMERADO  
CORPORACIÓNS  
LOCAIS



**Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 2 de agosto de 2018**

APL. N.º 16.º 1.º  
CONTRATO N.º 16.º  
1.º 1.º

- |                      | <u>Adestramento</u> | <u>Partido ou actividade sen "recudación"</u> | <u>Partido ou actividade con "recudación"</u> |
|----------------------|---------------------|---|---|
| 1.1.- Pista completa | 12,00 euros         | 22,00 euros                                   | 35,00 euros                                   |
| 1.2.- Media pista    | 8,00 euros          | ---   | ---   |
- 2.- Festivais e actos deportivos organizados por entidades deportivas, colexios e institucións culturais e recreativas, sen ánimo de lucro que excedan de días horas: 200,00 euros por acto e xornada.
- 3.- Actos, exposicións e actividades alleas ó deporte: 500,00 euros, por acto e xornada.
- 4.- Actividades deportivas sen montaxes complexas: 30 euros por hora ou fracción

**Pavillón principal**

1.- Actividades deportivas deporte competición (por hora ou fracción)

- |                      | <u>Adestramento</u> | <u>Partido ou actividade sen "recudación"</u> | <u>Partido ou actividade con "recudación"</u> |
|----------------------|---------------------|---|---|
| 1.1.- Pista completa | 22,00 euros         | 30,00 euros                                   | 54,00 euros                                   |
| 1.2.- Media pista    | 11,00 euros         | 22,00 euros                                   |   |
- 2.- Espectáculos deportivos: Pista completa: 752,00 euros por xornada.
- 3.- Festivais e actos deportivos organizados por colexios e institucións culturais, deportivas ou recreativas, sen ánimo de lucro, que excedan de días horas: 400,00 euros por acto e xornada.
- 4.- Actos, exposicións, festivais e espectáculos artísticos ou culturais e en xeral actividades alleas ó deporte, que non teñan carácter profesional, sen ánimo de lucro: 1.000,00 euros por acto e xornada.
- 5.- Actos, exposicións, festivais e espectáculos artísticos e actividades alleas ó deporte en xeral, de carácter profesional: 2.000,00 euros por acto e xornada.
- 6.- Actividades deportivas ou recreativas sen montaxes complexas: 50 euros por hora ou fracción

**Escolas deportivas.**

1. Escolas de educación física de base e de diferentex disciplinas: Trimestre, 23,60 euros.

**Actividades físicas para adultos**

**1. PROGRAMA DE FITNESS**

- 1.1 Fitness total :29,00 euros/mes. Discapacitados, desempregados e xubilados, 20,00 euros/mes.  
Carné xove: 23,00 euros/mes.
- 1.2 Fitness mañá: 16,00 euros/mes. (De 7.00 horas a 15.00 horas)
- 1.3 Fitness (un so uso e sesión ): 4,50 euros
- 1.4 Fitness . Primeira ou segunda quincena: Individual: 16,00 euros.
- 1.5 Fitness. Primeira ou segunda quincena) mañás: 9,00 euros.



**Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 2 de agosto de 2018**

**2. FITNESS PESSOAL**

2.1 Usuarios soamente Matwork-Pilates: 105,00 euros trimestre

2.2 Usuarios Fitness Matwork-Pilates: 48,00 euros trimestre.

**3. ZONA AUGAS SPA**

3.1 Usuario Fitness: Unha sesión: 3,50 euros.

3.2 Usuario 1 día: Unha sesión, 4,00 euros máis ticket fitness unha sesión

3.3 Bono plus spa : 99,00 euros, por persoa, que se sumarán á tarifa correspondente do bonofitness anual. (Este bono permite gozar da spa sen límite de accesos, e dentro dos horarios establecidos, durante o tempo que dure o bonofitness, permitindo o seu fraccionamento segundo modalidades e facilidades de pagamento establecidas máis adiante. (Nesta tarifa xa está incluído o IVE correspondente).

**4. FISIOTERAPIA**

4.1 Usuarios Fitness: Tratamento unha hora: 14,50 euros

4.2 Usuarios Fitness: Tratamento media hora: 8,50 euros.

4.3 Usuarios 1 día: Tratamento unha hora: 14,50 euros máis ticket fitness unha xornada

4.4 Usuarios 1 día: Tratamento media hora: 8,50 euros máis ticket fitness unha xornada

4.5 Venda funcional : 3,00 euros

**5. BONO FITNESS ANUAL**

Co fin de facilitar e garantir a continuidade nos programas do fitness, establécense as seguintes tarifas bonificadas anuais:

**Servizos que inclúe:**

- Actividades de fitness (Sala de cardio e pesos e clases colectivas)

5.1.- Fitness total con spa gratuito ..... 231,00 euros

5.2.- Discapacitados..... 159,00 euros

5.3.- Xubilados (maiores de 65 anos)..... 159,00 euros

5.4.- Carné xove ..... 183,00 euros

5.5.- Fitness mañá (de 07,00 h. a 15,00 h.)..... 126,00 euros

As tarifas xa se atopan axustadas cuantitativamente ós requirimentos do programa informático de xestión de pagamentos na modalidade de tres prazos, sendo divisibles por tres as contías).

**Bonofitness anual familiar:** Co fin de facilitarles a práctica do fitness ás familias, establécense as seguintes descontos nas condicións que se indican, con spa gratuito para todos os membros do bonofitness en modalidade fitness total:

- Primeiro membro da unidade familiar: Aboará a cota íntegra correspondente.



**Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 2 de agosto de 2018**

- O segundo membro: 30% de desconto sobre a tarifa correspondente.
- O terceiro membro: 40 % de desconto sobre a tarifa correspondente.

Aplicaríselle sempre a tarifa máis alta á primeira membro da unidade familiar. Esta redución porcentual non se aplicará cando se trate de tarifas xa bonificadas.

Para os efectos de aplicación desta ordenanza, enténdese por unidade familiar a formada polos cónxuxes non separados legalmente e os seus descendentes que convivan con eles e estean ó seu cargo.

As unións de feito que estean inscritas no rexistro correspondente.

Nos casos de separación legal, viuvez ou familia monoparental, a formada polos respectivos titulares das ditas unións familiares ou de convivencia, e, se os houbera, os seus descendentes que convivan con eles e estean ó seu cargo.

As condicións de discapacidade e carné xove acreditarase mediante os correspondentes documentos oficiais da administración autonómica galega. No caso da discapacidade, deberá terse acreditado oficialmente unha porcentaxe igual ou superior á 33% de discapacidade, de conformidade co establecido no artigo 4 do Texto refundido da Lei de dereitos de persoas con discapacidade e a Orde do 20 de xullo de 2016 da Xunta de Galicia pola que se crea a tarxeta acreditativa do grupo de discapacidade.

Modalidades e facilidades de pagamento:

- Cota íntegra.....primeiro mes.
- Dúas cotas.....primeiro mes – quinto mes.
- Tres cotas.....primeiro mes – quinto mes – sétimo mes.

Renovación de carné por perda ou extravío: 1 euro.

- Os servizos deportivos públicos contemplados nesta ordenanza están exentos de IVE, de igual xeito que a cesión das instalacións a entidades e asociacións sen ánimo de lucro. Tanto para os espectáculos deportivos, recreativos e culturais de carácter profesional, con venda de entradas, haberá que incrementar as tarifas co seu correspondente IVE.

**4.- RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE CONCURSO PÚBLICO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS PARA GASTOS DE INVESTIMENTO DE ASOCIACIÓNS VECIÑAIS DE OURENSE CORRESPONDENTES AO EXERCICIO 2018 (BOP N.º 36, DO 14 DE FEBREIRO DE 2018).**

- Unha vez finalizado o prazo de alegacións á resolución provisional de data 2 de xullo de 2018, do concurso público para a concesión de subvencións para gastos de investimento de asociacións veciñais de Ourense correspondentes ao exercicio 2018, cuxas bases e convocatoria foron publicadas



**Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 2 de agosto de 2018**

no BOP n.º 36, do 14 de febreiro de 2018, vista a proposta de resolución das alegacións formuladas e de resolución do concurso formulada pola Comisión de Valoración con data 23 de xullo de 2018, e de conformidade coa proposta formulada, a Xunta de Goberno adopta o seguinte acordo:

1º) **Aceptar a renuncia** á subvención indicada na proposta de resolución provisional, presentada pola Asociación de Veciños do Pobo de Lobaces, para o proxecto "Instalación de elementos saudables e do ocio e acondicionamento exterior".

2º) **Non admitir a trámite** as seguintes solicitudes, polos motivos que se indican:

2.1 Por incumprir o disposto na base segunda da convocatoria, por non tratarse de asociacións veciñais cuxos fins sexan a defensa, en xeral, dos dereitos e intereses dos veciños dun determinado ámbito territorial:

- **Asociación Participación**, para "Equipamento informático"
- **Asociación Participación**, para "Equipamento dinamización"

3º) **Excluir da valoración** a seguinte solicitude, polo motivo que se indica:

3.1 Por incumprir o disposto na base cuarta da convocatoria, ao non achegar parte da documentación valorable, feito que imposibilita a súa valoración:

- 1) **Asociación de veciños de Carlasca** para "Lavadora e Lavalouzas para o Local Social"
- 2) **Asociación de veciños de Carlasca** para "Equipamento Oficina"
- 3) **Asociación de veciños de Castro de Beiro** para "Equipamento informático"
- 4) **Asociación de veciños de Castro de Beiro** para "Renovación instalación eléctrica"

3.2 Por incumprir o disposto na base cuarta da convocatoria, ao non achegar proxecto técnico asinado por facultativo competente, sendo a súa elaboración necesaria para a execución destes investimentos, e tendo en conta en todo caso que a citada documentación non é emendable, todo isto de acordo co disposto nos informes técnicos emitidos para tal efecto:

- 1) **Asociación de veciños Parruquia de Mandrás** para "Rehabilitación e mellora do local social da entidade", en concreto, a parte relativa as obras de ampliación do local social, tendo en conta, ademais, que o



Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 2 de agosto de 2018

orçamento de gastos achegado non permite saber que parte deste se destina a mantemento, e que parte corresponde a gastos de ampliación do local social.

2) Asociación de veciños Fonte Romana de Razamonde, para "Instalación dun porche cobertizo"

4º) Aceptar as renuncias presentadas por don Manuel Ángel Figueiredo González, en representación da Asociación de veciños Gavián para o proxecto "Adquisición solar para local social", dona Marta Teresa de los Ángeles López Varela, en representación da Asociación de veciños de Cortegada de Miño para o proxecto "Instalación de calefacción en local da asociación de veciños", e dona María Rodríguez Mandiáncas, en representación da Asociación de veciños O Outón de Guntimil, para o proxecto "Reforma do centro de reunión; forno do pobo".

5º) Estimar a alegación presentada pola Asociación de veciños A Quinzana, polo motivo recollido na acta redactada para o efecto e que se transcribe de seguido:

"En canto á alegación presentada pola Asociación de veciños A Quinzana en relación ao proxecto "Compra do edificio da sede da asociación", que foi excluído da valoración por incumprir o disposto na base cuarta da convocatoria, ao non achegar parte da documentación valorable, feito que imposibilitaba a súa valoración, o solicitante indica que si presentou toda a documentación avaliábel, achegando xunto coa alegación copia desta documentación.

Unha vez revisado o expediente, acreditouse a existencia do erro alegado polo solicitante, xa que a documentación valorable se achegou en tempo e forma, e, polo tanto, dentro do prazo de presentación de solicitude establecido nas bases.

Como consecuencia de todo o anteriormente exposto, a Comisión de Valoración estima a alegación presentada pola Asociación de veciños A Quinzana, e procede a valoración da solicitude de subvención para "Compra do edificio da sede da asociación".

6º) Conceder, conforme á valoración efectuada, as subvencións, polos importes que se indican, ós proxectos seguintes:

SOLICITANTE	CIF	CONCELLO	PROXECTO	CANTÍA CONCEDIDA
1. Asociación Veciños Casasod San Mamede	G32309684	Xunqueira de Ambía	Foldo-Pérgola	1.309,04 E


INPEL NUMERADA  
CORPORACIÓNS  
LOCAIS



**Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 2 de agosto de 2018**

2.	Asociación Veciños Casasó San Mamede	G32309685	Xunqueira de Ambía	Melloras local e exteriores	1.225,94 €
3.	Asociación Veciños Casasó San Mamede	G32309686	Xunqueira de Ambía	Mobiliario	1.198,24 €
4.	Asociación Cultural de Prada	G32363582	A Veiga	Mobiliario para actividades	419,87 €
5.	Asociación Cultural de Veciños Sanxillao	G32359291	Xunqueira de Ambía	Ordenador e unha impresora	269,89 €
6.	Asociación Cultural Tarabustio	G32187635	A Gudiña	Restauración planta baixa casa do pobo	1.735,61 €
7.	Asociación Cultural Veciños do Xurés	G32458556	Lobios	Adquisición e reforma de adega con lagar tradicional	7.985,64 €
8.	Asociación de Amigos da Cultura e do Ocio Aires Nossos	G32369696	Verín	Equipos aire acondicionado/cadeiras	1.458,57 €
9.	Asociación de Mulleres Rurais As Candeas	G32298168	Verín	Equipamiento para desenvolvemento do programa de dinamización do rural	418,23 €
10.	Asociación de Vecinos de San Lorenzo de Piñor	G32104333	Barbadás	Equipamento Multimedia e Informático	1.180,75 €
11.	Asociación de Vecinos Mirasol Vilafermosa (Mirafermosa)	G32424749	Perelro de Aguiar	Investimento en equipo informático e estanterías para libros	542,05 €
12.	Asociación de Veciños "O Castelino" de Castelo do Val	G32035404	Castelo de Val	Mobiliario para local social da A.A. VV "O Castelino"	1.159,41 €
13.	Asociación de Veciños "Santa Águeda"	G32283566	Cea	Mobiliario(mesas e bancos)	639,10 €
14.	Asociación de Veciños A Corredoira	G32323560	Bande	Adquisición de mobiliario	401,41 €
15.	Asociación de Veciños A Devesa-San Mamede	G32488975	Viana do Bolo	Mellora San Mamede	2.739,35 €
16.	Asociación de veciños A Quinzana	G32308363	Ribadavia	Compra do edificio da sede da asociación	3.340,58 €
17.	Asociación de Veciños A Touza	G32112906	Maside	Arranxo tellado e acondicionamento fachada	1.239,33 €
18.	Asociación de Veciños Aira Dupozo	G32387532	Xunqueira de Ambía	Obras de Acondicionamento	720,02 €

A PEI NUMERADO  
CORPORACIONES  
LOCAIS



Serie A N.º 2790318

**Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 2 de agosto de 2018**

19.	Asociación de Veciños As Termas	G32334989	Ourense	Mellora mobiliario zona multiusos local social	557,04 €
20.	Asociación de Veciños As Termas	G32334989	Ourense	Mellora equipamento multimedia do local social	500,00 €
21.	Asociación de Veciños As Termas	G32334989	Ourense	Mellora de equipamento da Oficina de Atención Veciñal	900,00 €
22.	Asociación de Veciños Auga Nova	G32395873	Os Blancos	Instalación aire acondicionado na sede da asociación	810,96 €
23.	Asociación de Veciños Bo Xesús de Ceboliño	G32221582	Ourense	Suministro e colocación toldos	1.054,96 €
24.	Asociación de Veciños Caxide	G32331795	Parada de Sil	Equipamento local social	1.150,51 €
25.	Asociación de Veciños de Abeleda	G32273922	Ourense	Mesas para o local social	649,85 €
26.	Asociación de Veciños de Almoite	G32142978	Baños de Molgas	Adquisición de bens mobles	975,72 €
27.	Asociación de Veciños de Almoite	G32142978	Baños de Moigas	Obras	1.261,80 €
28.	Asociación de Veciños de Arnuide	G32195935	Ourense	Investimentos Mobiliario	689,82 €
29.	Asociación de Veciños de Flariz de Monterrei	G32122186	Monterrei	Instalación eléctrica centro social	739,61 €
30.	Asociación de Veciños de Gundiás-San Miguel do Campo	G32442295	Nogueira de Ramuín	Adquisición de un proyector máis pantalla máis soporte	491,69 €
31.	Asociación de Veciños de Moás	G32488546	Pademe de Allariz	Equipamento local social para dinamización rural	505,78 €
32.	Asociación de Veciños de Parada de Piñor	G32032112	Barbadás	A Parada 4.0	1.717,02 €
33.	Asociación de Veciños de Pelequín-Catro Camiños	G32104572	Ourense	Cinco radiadores	756,25 €
34.	Asociación de Veciños de Rabo de Galo	G32104564	Ourense	Parrilla para asar	650,98 €
35.	Asociación de Veciños de Rabo de Galo	G32104564	Ourense	Ordenador	850,00 €
36.	Asociación de Veciños de	G32305674	Xinzo de Limia	Mobiliario para local da asociación veciños	1.152,99 €

AMEL NUMERADO  
CORPORACIÓN  
LONAS



## Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 2 de agosto de 2018

Reboredá					
37.	Asociación de Veciños de San Paio	G32175267	Castro Caldeas	Caldefactar local social	320,70 €
38.	Asociación de Veciños de San Pedro de Moreira	G32030355	Toén	Instalación de novos elementos no parque infantil casa da cultura	4.532,33 €
39.	Asociación de Veciños de Santa Bárbara de Freixido	G32384596	Larouco	Mobiliario/cociña escola	1.091,34 €
40.	Asociación de Veciños de Solveira	G32105397	Pademe de Allariz	Sonorización automática campás e ampliación sistema de alarma	1.720,64 €
41.	Asociación de Veciños e cultural A Cufa	G32442246	Ourense	Toldos, parquer e espellos	1.517,02 €
42.	Asociación de Veciños Eche o que Hai	G32426777	Padrenda	Adquisición de equipamento para a A.VV eche o que hai	869,35 €
43.	Asociación de Veciños Laxas	G32031544	Ourense	Instalación aire acondicionado local social e sustitución toldo carpa	2.756,04 €
44.	Asociación de Veciños O Castelo de Pena	B32303794	Xinzo de Limia	Mobiliario para local da asociación	798,23 €
45.	Asociación de Veciños O Cruceiro de Paredes	G32474900	Xinzo de Limia	Equipamento para realización de actividades	805,71 €
46.	Asociación de Veciños Os Carballos	G32370173	Nogueira de Ramuín	Adecuación espazo público no campo da festa	4.569,96 €
47.	Asociación de Veciños Os Carballos	G32370173	Nogueira de Ramuín	Equipamento merendero	1.270,00 €
48.	Asociación de Veciños Os Carballos	G32370173	Nogueira de Ramuín	Recuperación fonte e sendeiro cachaplaza	1.680,00 €
49.	Asociación de Veciños parroquial de Santa Lucía de Rairo	G32014995	Ourense	Instalación de 2 bombas de calor	1.419,23 €
50.	Asociación de Veciños parroquial de Santa Lucía de Rairo	G32014995	Ourense	Instalación de espejos	882,92 €
51.	Asociación de Veciños Portela	G32107286	Bande	Instalación estufa de pellets	602,74 €
52.	Asociación de Veciños Portela	G32107287	Bande	Dotación Mobiliario	371,04 €



Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 2 de agosto de 2018

APÉL NUMERADO  
CORPORACIÓN  
LOCAIS

53.	Asociación de Veciños Rezonilo	G32284853	Esgos	Equipamento e melloras no local social	2.117,35 €
54.	Asociación de Veciños San Andrés Zarracós	G32171506	A Merca	Equipamento local sociocultural de zarracós	531,28 €
55.	Asociación de Veciños San Miguel de Cartedo	G32125668	Ourense	Gastos de investimento no local social 2018	1.379,85 €
56.	Asociación de Veciños San Paio de Abades	G32477507	Baltar	Acondicionamento do local social	582,61 €
57.	Asociación de Veciños Santa Ana do Pino	G32148173	Ourense	Acondicionamento local asociación	1.986,99 €
58.	Asociación de Veciños Santa Eulalija de Pereda	G32289597	San Cristovo de Cea	Equipamento local social	1.121,28 €
59.	Asociación de Veciños Santa María de Entrambosríos	G32161770	A Merca	Investimento en mesas e tabocheiros	568,87 €
60.	Asociación de Veciños Santa María de Louredo	G32138422	Maside	Artexos no local social	1.585,56 €
61.	Asociación de Veciños Santa Mariña do Monte	G32224644	Ourense	Mellora Mobiliario Local Social	2.486,17 €
62.	Asociación de Veciños Tarabao de Vilaverde	G32138604	Melón	Compra mobiliario cocina	325,13 €
63.	Asociación de Veciños Tarabao de Vilaverde	G32138604	Melón	Compra de mesas	245,81 €
64.	Asociación de Veciños Trandeiras	G32168643	Xinzo de Limia	Lixado, barnizado e pintado das portas, fiestras do local social e forno de trandeiras	566,02 €
65.	Asociación de Veciños Tras Estación	G32285751	Ourense	Instalación de un equipo informática	727,87 €
66.	Asociación de Veciños Vilar de Astrés	G32110959	Ourense	Acondicionamento local social AAVV. Vilar de Astrés	3.839,58 €
67.	Asociación de Veciños Virxe da O	G32154734	Seixalvo	Equipamento local social	744,09 €
68.	Asociación Fonval	G32256661	Barbadás	Acondicionamento local social	3.415,35 €
69.	Asociación Veciñal Outeiro de Ganade	G32473662	Xinzo de Limia	Acondicionamento e exaltación da praza principal do núcleo rural de Ganade	2.613,92 €
70.	Asociación Veciñal	G32399933	Ourense	Placa vitro e forno.	770,75 €



(Sinatura do Presidente)

Folio N.º ..... 12

Serie A N.º 2790318

**Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 2 de agosto de 2018**

AREL ANIMÉPADO  
CORPORACIÓN  
CISAS

Quince de Agosto					
71.	Asociación Veciñal San Miguel de Progo	G32487571	Riós	fregadeiro con billa. un equipamento que nos permita realizar cursos de cociña en xeral Adquisición de inmoble para fins lúdicos	2.333,49 €
72.	Asociación Veciñal Santa Marta de Velle	G32033748	Velle	Acumuladores local social A Touza e espellos paredes local ximnasia	1.908,29 €
73.	Asociación Xeonías dos Rosais	G32443723	Ourense	Equipamento lúdico	360,00 €
74.	Sociedade Cultural, Artística e Recreativa Albur	G32008468	Ourense	Reparación de conductos extracción e pintura local Greco nº 7	1.178,02 €
<b>TOTAL</b>					<b>99.993,57 €</b>

7) **Publicar** este acordo no BOP, para xeral coñecemento.

**5.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE CORTEGADA.**- No Pleno, con data 27 de abril de 2018, acordouse aprobar inicialmente a modificación de créditos n.º 1/2018, destinando unha subvención nominativa por importe de 200.000 euros a favor do Concello de Cortegada, para campo de fútbol, con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01. Esta modificación de créditos foi finalmente aprobada, publicándose a aprobación definitiva no BOP do 5 de xuño de 2018.

Unha vez vista a solicitude formulada polo alcalde do mencionado concello, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a Xunta de Goberno **acorda** aprobar unha subvención ao Concello de Cortegada, nos seguintes termos:

-**Importe:** 200.000,00 euros.

-**Obxecto:** execución da obra "campo de fútbol".

-**Xustificación:** A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

1.- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.



**Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 2 de agosto de 2018**

- 2.- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
- 3.- Que a xustificación da subvención acadou o 100% do importe da subvención concedida.
- 4.- Que os documentos xustificativos do gasto foron aprobados polo órgano competente.
- 5.- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.
- 6.- Certificación da aprobación da certificación – liquidación da obra e acta de recepción.

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por conta equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse os xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado. Non obstante o anterior, estarán exentos de prestación de garantías as entidades locais, agás no suposto de que no momento da solicitude do anticipo, teñan débedas líquidas, vencidas e esixibles pendentes de pago coa Deputación por un importe que supere o 2% dos recursos ordinarios do orzamento da entidade solicitante, nestes supostos as entidades locais deberán acompañar certificación expedida polo funcionario encargado da intervención, expresiva do importe dos recursos ordinarios do último exercicio liquidado da entidade.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no

APEL. NUMERADO  
CORPORACIONES  
LOCAIS



Serie A N.º 2790318

**Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 2 de agosto de 2018**

prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-**Prazo xustificación:** ata o 30 de novembro de 2018.

**6.- EXPROPIACIÓN FORZOSA URBANÍSTICA PARA A EXECUCIÓN DA OBRA "BEIRARRÚAS EN FONTEBOA-N 525", N.º 77/PB/2017, EN SAN CIBRAO DAS VIÑAS.**

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Ourense adoptou o acordo de aprobación inicial, o día 29 de decembro de 2017, do proxecto de expropiación arriba referenciado.

Logo de que o referido proxecto expropiatorio se sometese a información pública, nos termos previstos no artigo 118 da Lei 2/2016, do solo de Galicia, vista a proposta formulada polo deputado delegado de cooperación, e de conformidade coa proposta formulada, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

1º.- Ratifica-la inclusión do asunto na orde do día, cuxa urxencia vén motivada pola necesidade de levar a cabo tódolos trámites administrativos pertinentes polo apresuramento na execución das obras ó tratarse dunha obra incluída no Plan provincial do ano 2017, debido á demora na realización da Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural no mes de setembro, e sen prexuízo da súa dación de conta na primeira sesión da referenciada comisión informativa que teña lugar.

2.- Contestar as alegacións formuladas polo propietario afectado, D. Enrique Álvarez Díaz, ó proxecto de expropiación, baseándose no informe emitido polo xefe da Sección de Patrimonio e Expropiacións da Deputación de Ourense, que se transcribe a continuación:

*"A primeira cuestión que expón o propietario é que o proxecto da obra non foi obxecto de aprobación definitiva nin contestadas as alegacións por el formuladas a este, cuestión esta que se dá por emendada, xa que foi acreditado polo concello de S. Cibrao das Viñas que se contestou as alegacións e se proceden á aprobación definitiva do proxecto, baseándose no requirimento efectuado pola Deputación de Ourense por providencia do deputado delegado de cooperación do 15 de maio de 2018, pola que se desestima a alegación.*

*Alega, a continuación, o propietario, que existe unha discrepancia entre os terreos afectados polas obras no proxecto e os terreos incluídos no proxecto de expropiación, ó cal cabe responder que iso é debido a que hai terreos afectados polas obras que non é*



**Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 2 de agosto de 2018**

*necesario expropiar, ó telos adquirido o concello, polo que non é necesario a súa expropiación.*

*Alega o propietario que hai determinados bens que non se tiveron en conta na valoración, facendo referencia a unhas escaleiras de acceso, un muro de separación, así como un quadro eléctrico e instalación eléctrica de fontanería e electricidade existente nun alboio afectado. A este respecto, solicitóuselle Informe ó arquitecto autor do proxecto de expropiación, D. Antonio Jesús Losada Beltrán, o cal emittu informe con data 18 de xullo de 2018, no que di que as construcións, instalacións, peches de predio e outros elementos similares foron valorados de acordo coa realidade actual, empregándose módulos básicos segundo a tipoloxía construtiva, estado de conservación e antigüidade, polo que, quadro eléctrico, instalación de fontanería, etcétera, aínda que non se describen especificamente, xa se tiveron en conta na valoración feito, polo que se desestima a alegación.*

*O propietario tamén rexeita o método de valoración do solo, dos bens afectados e do arborado, o cal foi respostado pola arquitecto autor do proxecto de expropiación no seu informe, no que sinala que o solo se cualificou como "urbanizado non edificado", polo que a valoración do solo se efectuou estritamente de acordo co reflectido no artigo 22 do Real decreto 1492/2011, polo que se aproba o Regulamento de valoracións da Lei do solo. En canto ó arborado existente, sinala o devandito informe do arquitecto autor do proxecto de expropiación, que o método de valoración deste é o máis favorable ó expropiado, polo que procede desestimar a alegación".*

3.- Aprobar definitivamente o expediente expropiatorio urbanístico para a execución da obra de "Beirarrúas en Fonteboa-N 525", en S. Cibrao das Viñas.

4.- Notificarlles este acordo ós interesados, de conformidade coa lexislación vixente.

5.- Darlle conta deste acordo á comisión informativa competente por razón da materia, na primeira sesión que teña lugar.

**7.- ASUNTOS DE URXENCIA.**- Trala unánime declaración da urxencia do asunto por non figurar incluído na orde do día, a Xunta de Goberno adoptou o seguinte acordo:

**7.a) APROBACIÓN DA PROGRAMACIÓN ANUAL DA ESCOLA DE DANZA E FIXACIÓN DE PREZOS PÚBLICOS PARA O CURSO 2018-2019.**- Unha vez visto o informe presentado polo encargado do CCP Xaquín Lorenzo (en ausencia da directora do centro como consecuencia dunha baixa por enfermidade), relativo á programación da Escola

APPEL NÚMERO 2018/18  
CORPORACIÓNS  
LOCAIS



Serie A.-N.º 2790318

**Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 2 de agosto de 2018**

de Danza do curso 2018-2019 e a fixación de prezos públicos para as actividades da referida escola, e de conformidade coa proposta formulada, a Xunta de Goberno adopta o seguinte acordo:

1º.- Ratifica-la inclusión do asunto na orde do día, cuxa urxencia vén motivada pola obrigatoriedade de aproba-la programación anual antes do día 15 de setembro de cada exercicio, determinando o seu contido mínimo e os prezos públicos do servizo (como así o recolle o artigo 3º da ordenanza reguladora da escola), debido á demora na realización da Comisión Informativa de Cultura, Deportes e Mocidade no mes de setembro, e sen prexuízo da súa dación de conta na primeira sesión da referenciada comisión informativa que teña lugar.

2º.- Aprobar a programación anual da Escola de Danza para o curso 2018-2019, co seguinte contido:

**1.- ACTIVIDADES:**

- 1- Baile tradicional
- 2- Canto tradicional e pandeirata.
- 3- Música para grupos de acompañamento de baile tradicional.
- 4- Obradoiro de xogos populares.
- 5- Obradoiro de tecido tradicional.

- **Baile tradicional:** Dirixidas a todas as persoas interesadas na cultura popular a partir de cinco anos sen límite de idade e sen necesidade de ter coñecementos previos sobre a materia.

- N.º prazas por actividade 200.

- Duración do curso: dende o día 1 de outubro ata o 30 de xuño.

- Horarios de luns a sábado de 17.30 h a 21.00 h. en función da idade e o nivel dos alumnos.

- O tempo de clase será de 1'30 hora semanal por cada materia.

- Recursos: persoal laboral do CCP Xaquín Lorenzo

- **Canto tradicional e pandeirata:** Dirixidas a todas as persoas interesadas na cultura popular a partir de cinco anos sen límite de idade e sen necesidade de ter coñecementos previos sobre a materia.

- N.º prazas por actividade 150.

- Duración do curso: dende o día 1 de outubro ata o 30 de xuño.



Serie A N.º 2790318

**Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 2 de agosto de 2018**

- Horarios de luns a sábado de 17.30 h a 21.00 h, en función da idade e o nivel dos alumnos.
- O tempo de clase será de 1'30 hora semanal por cada materia.
- **Música para acompañamento de grupos de baile tradicional:** Dirixidas a todas as persoas interesadas na cultura popular a partir de oito anos sen límite de idade.
  - Duración do curso: dende o día 9 de novembro ate o 30 de xuño.
  - N.º prazas: 30.
  - O tempo de clase: 1 hora semanal
  - Horario en función da dispoñibilidade, da idade e o nivel dos alumnos.
- **Talleres de tecido tradicional:** Curso orientado para adultos.
  - N.º prazas por curso: 30.
  - Duración do curso:
    - 1º curso dende o día 2 de outubro ata o 31 de xaneiro.
    - 2º curso dende o día 1 de febreiro ata o 31 de maio.
  - Horario: de luns a venres.
  - Tempo de clase: 3 horas semanais.
- **Obradoiro de xogos populares:** Programa gratuito dirixido a todos os centros educativos de Educación Primaria e Secundaria da provincia de Ourense.
  - Duración do curso: o obradoiro realizarase durante tres semanas consecutivas en cada centro, entre os meses de novembro e xuño en horario lectivo, cunha sesión semanal adaptada á unha hora lectiva do centro.
  - No período de xuño ata setembro, as actividades levaranse a cabo nos concellos e asociacións da provincia, previa solicitude.
  - Recursos materiais. O CCP Xaquín Lorenzo conta con todo o material de xogo preciso para a realización do programa.

**2.- PRAZOS E PROCEDIMENTO DE INSCRICIÓN**

- Dende o día 15 de setembro ata o día 31 de outubro formalización da matrícula.
- As inscricións realizaranse no CCP Xaquín Lorenzo, situado no Centro Comercial As Lagoas, Praza Daniel González, no modelo normalizado facilitado no propio centro, previo pago das taxas establecidas.



Serie A N.º 2790318

**Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 2 de agosto de 2018**

- Os centros interesados no obradoiro de xogos populares, deberán remitirle a súa solicitude ao Rexistro da Deputación a partir do día seguinte ao da publicación destas bases no BOP e ata o día 19 de outubro. Os interesados deberán presentar as solicitudes, dirixidas á Presidencia da Deputación de Ourense, no Rexistro Xeral da Deputación ou a través de calquera outro medio dos previstos no artigo 38.4 de Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo.

**3.- PREZO PÚBLICO**

-Prezo público das actividades: 40 € en concepto de matrícula. En caso de varios membros da mesma unidade familiar, o primeiro membro pagaría 40 € por matrícula e os restantes 15 € cada un deles.

-Aplicaráselles unha bonificación do 100% aos alumnos que sexan desempregados ou fillos de desempregados.

- Prezo público por cada taller de tecido tradicional en teares: 55 € en concepto de matrícula.

A programación dos diferentes cursos así como toda a información pertinente estará dispoñible para todos os interesados nas dependencias da propia Escola.

3º.- Ordenar a publicación no BOP do acordo, para xeral coñecemento.

4º.- Darlle conta deste acordo á comisión informativa competente por razón da materia, na primeira sesión que teña lugar.

**8.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.-** Non se presentaron.

**9.- ROGOS E PREGUNTAS.-** Non se formularon.

E, ás nove horas e trinta minutos, do referenciado día dous de agosto do ano dous mil dezanovos, a Presidencia dá por rematada a sesión da Xunta de Goberno, e redáctase esta acta, que se asinará segundo o legalmente establecido.

**O PRESIDENTE,**

**O VICESECRETARIO,**